

BASES PARA A SELECCIÓN DE TÉCNICOS/AS SUPERIORES EN F.P. ESPECÍFICA PARA A SÚA PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA EDUCATIVO MUNICIPAL A COREUROPA VII

(Proxecto de Mobilidade Erasmus+, realizado no marco do Programa de Aprendizaxe Permanente, segundo o convenio co Servicio Español para la Internacionalización de la Educación - SEPIE- do Ministerio de Educación)

1

OBXECTO

1. As presentes bases teñen por **obxecto** a selección de titulados/as nos ciclos formativos de grao medio que se indican na base sétima, para participar no **programa Bolsas Europa FP-Proxecto A COREUROPA VII**, incluído no programa Erasmus+ con código de proxecto 2017-1-ES01-KA103-036621.

DESCRIPCIÓN

2. O **obxectivo** deste programa é promover a aprendizaxe e a formación de mozas e mozos profesionais en Europa, así como o coñecemento do idioma e a cultura doutros países, mediante a concesión de bolsas para á realización de prácticas formativas de tres meses en empresas de diversos países de Europa: Irlanda, Italia e Portugal.

3. **A duración das prácticas formativas** será de 90 días, de setembro a decembro de 2018. A estadía comezará e terminará un día antes e outro despois das prácticas.

4. O programa na súa primeira convocatoria oferta **10 bolsas**, coa seguinte distribución:
- Italia - Florencia: 4 prazas
 - Portugal - Lisboa: 3 prazas
 - Irlanda - Cork: 3 prazas

Non obstante, o órgano competente poderá variar a súa distribución en función da competencia lingüística das persoas seleccionadas.

5. O programa inclúe os seguintes **servizos** para cada participante:

- a) Viaxes e desprazamentos de ida e volta desde A Coruña até a poboación de destino.
- b) Aloxamento no país correspondente durante o período da estadía.
- c) Contrato de formación non laboral por unha empresa do país correspondente durante un período de 90 días.
- d) Axuda económica para financiar a manutención durante a estadía
- e) Titorización da estadía e das prácticas formativas por persoal especializado, tanto da empresa coma da organización intermediaria no país de destino.
- f) Realización, como mínimo, de dúas xornadas de preparación específica para as persoas participantes no programa.
- g) Preparación lingüística, con acceso a un curso en liña nos idiomas dos países de destino, a través da plataforma da EU "OLS", e curso presencial no caso do portugués.
- h) Seguro de asistencia sanitaria e de responsabilidade civil.
- i) Tramitación da documentación diante do SEPIE.

2

6. Os participantes no programa recibirán en concepto de **bolsa** unha axuda económica destinada a financiar os gastos de manutención no país de destino e que será aportada polo Concello da Coruña. A súa contía será de 1.200 €, ca retención tributaria que corresponda

REQUISITOS PARA PARTICIPAR

7. Ter finalizados os estudos de ciclo superior de FP no último ano e ter superada a Formación en Centros de Traballo (FCT) en decembro 2017 ou en xuño de 2018.

No caso dos titulados en xuño de 2018, a súa participación quedará supeditada á xustificación de ter rematado o ciclo e superada a FCT.

8. Ter a titulación de técnico/a medio nalgún dos ciclos formativos de grao superior impartidos nos centros asociados ó programa:

- IES Ramón Menéndez Pidal
- IES Fernando Wirtz
- IES A Sardiñeira
- IES Urbano Lugo
- CIFP Ánxel Casal
- CIFP Paseo das Pontes
- CIFP Someso
- IES Escola de Imaxe e Son
- IES Eusebio da Guarda

9. Estar en situación de desemprego ou ter escasa experiencia profesional.

INSCRICIÓN E PUBLICIDADE DO PROCESO DE SELECCIÓN

10. **O prazo de presentación** da documentación é do 2 ao 27 de abril de 2018.

11. As persoas interesadas en participar no programa deberán **inscribirse en liña** na páxina web municipal www.edu.coruna.es a través da ficha específica Bolsas A COREUROPA VII; indicando os destinos para os que solicita a súa participación ordenados por preferencia.

Unha vez feita a inscrición, o sistema elabora un xustificante de confirmación cun **número de asignación**, que será o de referencia de cada expediente no proceso.

Posteriormente, a documentación do expediente e copia do xustificante da solicitude, asinada pola persoa solicitante (e, no caso de menores de idade, a persoa ou persoas que teñen a súa patria potestade ou tutela), deberá **presentarse nos rexistros municipais** ou en calquera das dependencias a que se refire a Lei 39/2015, de 2 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

12. A publicidade dos actos do proceso de selección, así como as comunicacións procedentes, realizaranse mediante a publicación na páxina web educativa (www.edu.coruna.es), sendo responsabilidade das persoas participantes a consulta periódica da mesma para obter a información relativa a listaxes, prazos, convocatorias de xuntanzas e outras cuestións relacionadas co programa.

Documentación que deben presentar as persoas interesadas e os centros educativos

13. A documentación presentarse en calquera dos rexistros dirixida ao Servizo Municipal de Educación. A instancia que acompañe á documentación deberá estar encabezada polo/a alumno/a solicitante. A documentación será a seguinte:

- Xustificante da solicitude de inscrición debidamente cuberta e asinada
- Fotocopia do DNI/NIE ou pasaporte
- Fotografía recente tamaño carné
- Declaración responsábel de estar ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias co Concello da Coruña
- Se for o caso, certificación/s do/s título/s oficiais de idioma/s acadado/s
- Se for o caso, fotocopia do documento de demandante de emprego
- CV Europeo (en inglés)
- Carta de motivación (en inglés)

- Application form (en inglés)

As persoas interesadas disporán de modelos dos diferentes documentos na web educativa para facilitar a súa presentación.

14. Os centros educativos presentarán, por cada solicitante que estudase no seu centro, a seguinte documentación:

- Certificado do expediente académico
- Informe da titoría do ciclo formativo ou da dirección do centro docente

15. O Concello reservase o dereito a realizar as comprobacións oportunas sobre a documentación presentada, quedando obrigada a persoa interesada a facilitar tanta información e documentación lle sexa requirida polo SME para acreditar a veracidade dos datos alegados. Será causa de exclusión do procedemento non acreditar oportunamente o cumprimento dos requisitos que permiten a participación no mesmo.

4

CRITERIOS DE SELECCIÓN

16. BAREMACIÓN

16.1 Cualificación media final no ciclo formativo. **Até 5 puntos** de acordo coa seguinte táboa:

- Media de 10.....5,00 puntos
- Media de 9,99 a 9,90.....4,90
- Media de 9,89 a 9,80.....4,80
- Media de 9,79 - 9,70.....4,70
- Media de 9,69 - 9,60.....4,60
- Media de 9,59 - 9,50.....4,50
- Media de 9,49 - 9,40.....4,40
- Media de 9,39 - 9,30.....4,30
- Media de 9,29 - 9,20.....4,20
- Media de 9,19 - 9,10.....4,10
- Media de 9,09 - 9,00.....4,00
- Media de 8,99 - 8,90.....3,90
- Media de 8,89 - 8,80.....3,80
- Media de 8,79 - 8,70.....3,70
- Media de 8,69 - 8,60.....3,60
- Media de 8,59 - 8,50.....3,50
- Media de 8,49 - 8,40.....3,40
- Media de 8,39 - 8,30.....3,30
- Media de 8,29 - 8,20.....3,20
- Media de 8,19 - 8,10.....3,10
- Media de 8,09 - 8,00.....3,00

➤	Media de 7,99 - 7,90.....	2,90
➤	Media de 7,89 - 7,80.....	2,80
➤	Media de 7,79 - 7,70.....	2,70
➤	Media de 7,69 - 7,60.....	2,60
➤	Media de 7,59 - 7,50.....	2,50
➤	Media de 7,49 - 7,40.....	2,40
➤	Media de 7,39 - 7,30.....	2,30
➤	Media de 7,29 - 7,20.....	2,20
➤	Media de 7,19 - 7,10.....	2,10
➤	Media de 7,09 - 7,00.....	2,00
➤	Media de 6,99 - 6,90.....	1,90
➤	Media de 6,89 - 6,80.....	1,80
➤	Media de 6,79 - 6,70.....	1,70
➤	Media de 6,69 - 6,60.....	1,60
➤	Media de 6,59 - 6,50.....	1,50
➤	Media de 6,49 - 6,40.....	1,40
➤	Media de 6,39 - 6,30.....	1,30
➤	Media de 6,29 - 6,20.....	1,20
➤	Media de 6,19 - 6,10.....	1,10
➤	Media de 6,09 - 6,00.....	1,00
➤	Media de 5,99 - 5,90.....	0,90
➤	Media de 5,89 - 5,80.....	0,80
➤	Media de 5,79 - 5,70.....	0,70
➤	Media de 5,69 - 5,60.....	0,60
➤	Media de 5,59 - 5,50.....	0,50
➤	Media de 5,49 - 5,40.....	0,40
➤	Media de 5,39 - 5,30.....	0,30
➤	Media de 5,29 - 5,20.....	0,20
➤	Media de 5,19 - 5,10.....	0,10
➤	Media de 5,09 - 5,00.....	0,00

16.2 Cualificación do idioma estranxeiro. **Até 10 puntos**, de acordo ao nivel de lingua estranxeira adquirido no Marco Común Europeo das Linguas, e de acordo a seguinte táboa:

- Nivel A1 ou título de graduado en ESO ou certificación equivalente1,00 punto
- Nivel A2 do MCERL ou título de bacharelato ou certificación equivalente.....2,50 puntos
- Nivel B1 do MCERL ou certificación equivalente.....5,00 puntos
- Nivel B2 do MCERL ou certificación equivalente.....7,50 puntos
- Nivel C1 ou MEDIO do MCERL ou certif. equiv.....10,00 puntos

16.3 Valoración do informe da titoría do centro onde o participante realizase os seus estudos. **Até 5 puntos.**

Se neste criterio non se obtén un mínimo de 3 puntos, a persoa solicitante será excluída do proceso de selección.

16.4 Entrevista persoal. **Até 3 puntos.** Se neste criterio non se obtén un mínimo de 1,5 puntos, a persoa solicitante será excluída do proceso de selección.

No caso de que haxa menos solicitantes que prazas convocadas, o Concello reservase a posibilidade de suprimir a fase de entrevistas persoais.

16.5 Por discapacidade da persoa solicitante igual ou MEDIO ao 33%, sempre que a súa discapacidade non lle impida o desenvolvemento das prácticas formativas. **2 puntos.**

6

17 **No caso de empate** na puntuación obtida por unha praza, a Comisión de Valoración aplicará, con carácter preferente e na mesma orde, os criterios anteriores. É dicir, a praza outorgaráselle en primeiro lugar a persoa participante con máis puntos no criterio a). Se continuase o empate, no b), e así sucesivamente até aplicar, se for necesario, os cinco criterios establecidos nos puntos anteriores.

Se aínda así non se resolvese o empate, a comisión decidiría en función da situación de desemprego das persoas solicitantes e, no seu caso, en favor dos de maior duración en dita situación.

18 Unicamente valoraranse por parte da comisión os documentos oficiais das entidades públicas e privadas correspondentes, asinados polas persoas responsábeis das certificacións que se esixen.

SELECCIÓN

Comisión de Valoración

19. A Comisión de Valoración estará presidida pola Concelleira de Xustiza Social e Coidados, que poderá delegar no Xefe de Servizo de Educación.

Formarán parte dela os seguintes vogais: o Xefe de Servizo de Educación, a Xefa de Departamento do Servizo de Educación, un técnico/a do Servizo Municipal de Educación e as direccións ou persoas que as representen dos centros educativos asociados ó programa e un representante da Deputación da Coruña, que poderán delegar a súa representación nos membros do Servizo Municipal de Educación.

20. A selección dos participantes no programa realizarase en réxime de concorrencia competitiva. Esta selección realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade e non discriminación aplicando os criterios de valoración fixados nestas bases.

21. O procedemento de selección iniciase de oficio mediante a publicación das presentes bases na páxina web municipal (www.edu.coruna.es) e se comunicarán a todos os centros educativos asociados ao programa.

Adxudicación das prazas.

7

22. As listaxes e comunicacións relativas a este programa realizaranse a través da páxina web www.edu.coruna.es.

23. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión de Valoración procederá á baremación das persoas solicitantes consonte os criterios aprobados. Unha vez feita a baremación procederase a publicación das seguintes listaxes provisionais:

- a) Alumnado seleccionado (tantos como prazas se oferten no programa), ordenados pola puntuación obtida.
- b) Alumnado que non acada o número de orde que lles permita participar no programa por exceder do número de prazas. Este alumnado constituirá a listaxe de agarda. As persoas solicitantes incluídas na listaxe de agarda substituirán, por orde de puntuación, as persoas seleccionadas que renuncien á súa participación no programa. A tal efecto, enviarase comunicación por correo electrónico para notificar a súa admisión.
- c) Solicitantes que non cumpren os requisitos para participar no programa, con expresión sucinta da causa da súa exclusión.

24. Fronte ás listaxes provisionais abrírase un prazo de 10 días hábiles, para que, no caso que corresponda, se poidan emendar as faltas ou achegar os documentos preceptivos. De non facelo así, no seu caso, teráselle por desistido da súa petición.

25. A Comisión de Valoración examinará as alegacións presentadas e emitirá informe motivado. A proposta de resolución definitiva elevarase ao órgano competente que resolverá o procedemento de xeito motivado. Non se realizarán comunicacións individuais fronte as alegacións.

26. As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito ningún a favor das persoas candidatas propostas fronte á administración municipal até que non se publique a resolución definitiva na web educativa municipal.

27. Unha vez publicada a resolución definitiva, as persoas seleccionadas disporán dun prazo de 5 días naturais para a súa renuncia, que deberá ser comunicada por escrito ao SME a través dos rexistros municipais ou en calquera das dependencias a que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. De se presentar a comunicación por medio dalgún rexistro non municipal aconséllase que se remita copia escaneada da mesma (co selo de rexistro de entrada) por correo electrónico ao SME (educacion@coruna.es).

28. A resolución definitiva esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición diante do órgano que resolveu, no prazo dun mes, na forma e condicións que determina a Lei 39/2015, do 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ser impugnada directamente diante da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao de publicación da resolución, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

8

Adxudicación de destinos

29. As persoas seleccionadas terán prioridade para optar ao país de destino solicitado para as súas prácticas formativas, de acordo coa orde de adxudicación definitiva.

Non obstante, o destino final sempre estará supeditado á existencia de empresas axeitadas ao seu perfil profesional e académico, e á súa capacitación lingüística no idioma de destino. No caso de que non sexa posíbel asignar a praza solicitada pola persoa seleccionada, o SME procurará asignar unha que se axuste o máximo posíbel ás preferencias e perfil desta persoa e respectando a ser posíbel a orde de destinos establecida na súa ficha de inscrición.

OBRIGAS DAS PERSOAS SELECCIONADAS

30. As persoas seleccionadas terán as seguintes obrigas:

- A participaren en cantas xuntanzas sexan convocadas polo SME.
- A presentaren toda a documentación que lle solicite o SME, en forma e prazo.
- A realizaren o curso de preparación lingüística no idioma do país de destino e a proba final.
- A manteren una canle de comunicación fluída co SME.
- Unha vez no país de destino, a comportarse dunha maneira correcta, con total respecto os costumes e modo de vida das

- persoas que habitan no país de destino.
- A manter una actitude proactiva de cara á consecución dos obxectivos do programa.

31. O incumprimento destas obrigas implicará a exclusión do programa, logo da resolución motivada polo órgano competente.

EXCLUSIÓN DO PROGRAMA

32. Unha vez comezada a estadía no país de destino, as persoas seleccionadas non poderán deixar o programa sen causa xustificada e sen ter obtido autorización da empresa e da organización intermediaria no país de destino.

33. No caso de que unha persoa participante decidise pola súa libre iniciativa abandonar o programa antes da súa finalización o Concello poderá exixir a devolución dos gastos incorridos desde que lle concedera a bolsa.

34. No caso de deixar o programa de forma anticipada por causa xustificada, non sería considerado abandono.

Motivos de expulsión

35. Unha vez no país de destino, serán causa de expulsión as seguintes situacións:

- As ausencias inxustificadas do lugar de traballo poden supor a expulsión da empresa e do programa.
- A expulsión do aloxamento por mal comportamento.
- Calquera tipo de comportamento antisocial, incluíndo abuso de alcohol ou drogas.

36. No caso de expulsión, a persoa participante será responsábel do abono dos gastos incorridos desde que lle concederan a bolsa e dos custes da viaxe de volta, que tería que ser inmediata.

PROTECCIÓN DE DATOS

37. Os datos rexistrados polos participantes no programa educativo, serán recollidos e tratados conforme á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de Decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e empregaranse exclusivamente para o programa A COREUROPA VII.

38. De acordo coa mencionada lei os participantes poderán exercer o seu dereito de oposición, acceso, rectificación e cancelación nos termos

previstos na lei. Os datos serán custodiados polo Concello con acceso por parte da empresa xestora do contrato.

NORMATIVA APLICÁBEL

39. A presentación das solicitudes implica a aceptación das bases da convocatoria.

40. En calquera caso, a participación neste programa estará suxeita, por norma xeral, aos criterios e bases establecidos na segunda convocatoria de subvencións de proxectos de mobilidade Erasmus+ 2017, así como ao establecido no convenio suscrito polo Concello da Coruña e o Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) para o desenvolvemento do programa A COREUROPA VII.

10

A Coruña, 5 de marzo de 2018

O Técnico de Educación

O Xefe do Servizo de Educación

Alfonso Queijo Rodríguez

Belisario Sixto San José